

EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: Delegación na Xunta de Goberno de competencias de competencias orixinariamente atribuídas á Alcaldía e periodicidade das sesións.


Resultando que trala nova elección de Alcalde, logo da renuncia do anterior, D. Jesús Vázquez Almuíña, por causa da súa designación como Conselleiro de Sanidade da Xunta de Galicia e ao abeiro das facultades que lle veñen conferidas a esta Alcaldía-Presidencia polo art.21 da Lei 7/85 Reguladora das Bases do Réxime Local, art. 61 da Lei 5/97 de Administración Local de Galicia, art.24 do R.D. 781/86, art.43 e art.53 do R.D.2568/1986, e demais normativa concordante,

RESOLVO

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local terá asignada as seguintes atribucións:

- a) A asistencia permanente á Alcaldía no exercicio das súas atribucións.
- b) As seguintes competencias atribuídas orxinariamente a esta Alcaldía.
 - 1) Aprobación dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non atribuídos expresamente ó Pleno da Corporación.
 - 2) Aprobación dos instrumentos de xestión urbanística e de proxectos de urbanización
 - 3) Outorgamento ou, se é o caso, denegación das licencias urbanísticas e licenzas de apertura do establecemento público, espectáculos públicos ou actividades recreativas.
 - 4) Incoación e resolución dos expedientes de caducidade e revocación de licenzas urbanística e establecemento público, espectáculos públicos ou actividades recreativas.
 - 5) Resolución de todos os expedientes sancionadores, agás os expedientes sancionadores en materia de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial.
 - 6) Resolución dos expedientes de reposición da legalidade.
 - 7) Autorizacións da venda ambulante.
 - 8) Incoación e resolución dos expedientes de responsabilidade patrimonial

Segundo.- Estas delegacións comprenden tanto as facultades de xestión e dirección como as de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros, incluída a de resolver os recursos de reposición que poideran interpoñerse contra as resolucións ditadas no exercicio das competencias atribuídas pola presente delegación.



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

Terceiro.- A Xunta de Goberno Local celebrará sesión ordinaria o segundo e último xoves de cada mes ás trece horas, sen prexuízo de que en agosto e xaneiro se celebre unha sesión ó mes.

Cuarto.- Do presente Decreto darase conta ó Pleno do Concello na primeira sesión que se celebre, notificándose ós designados e publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte da firma deste.

Quinto.- No non previsto no presente Decreto de delegación, rexerán as normas da Lei 7/85 Reguladora das Bases do Réxime Local, da Lei 5/97 de Administración Local de Galicia, R.D. 781/86, R.D.2568/1986, e demais normativa concordante que resulte de aplicación.

Baiona, 28 de outubro de 2015
O ALCALDE

Jesús Vázquez Almarina

